



SCOUTS
Construír un Mundo Mellor

ASDE
Scouts de Galicia

Rúa Constitución 15, entrecalada 4;
O Graxal-Cambre; 15679, A Coruña

Tlf. (34) 981 28 05 94/ (34) 656 62 14 96
galicia@scouts.es

www.scoutdeg Galicia.org

Con data do 17-07-2026 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2011/000219-2.

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN

ASDE – SCOUTS DE GALICIA – EXPLORADORES DE GALICIA

ÍNDICE DE CONTIDOS

CAPÍTULO I - DEFINICIÓNS	4
Artigo 1. Denominación e réxime xurídico	4
Artigo 2. Fins e actividades	4
Artigo 3. Principios	5
Artigo 4. Ámbito territorial	6
Artigo 5. Ámbito competencial	6
Artigo 6. Domicilio	7
CAPÍTULO II – DOS ASOCIADOS	7
Artigo 7. Asociados da Federación	7
Artigo 8. Grupos Scout	8
Artigo 9. Órganos do Grupo Scout	8
Artigo 10. Admisión de Grupos Scout	9
Artigo 11. Socios de Honra, Socios Protectores e Socios Colaboradores	9
Artigo 12. Dereitos dos Asociados	10
Artigo 13. Deberes dos Asociados	10
Artigo 14. Suspensión de dereitos	11
Artigo 15. Perda da calidade de socio	11
Artigo 16. Réxime de conflitos	12
CAPÍTULO III – ORGANIZACIÓN FUNCIONAL	12
Artigo 17. Órganos da Federación	12
Artigo 18. Gratuidade dos cargos	12
Artigo 19. Delegación de votos nos órganos da Federación	12
SECCIÓN PRIMEIRA: A ASEMBLEA SCOUT GALEGA	13
Artigo 20. Definición	13
Artigo 21. Funcións	13
Artigo 22. Composición	13



Artigo 23. Reunións e orde do día	14
Artigo 24. Toma de decisións	15
SECCIÓN SEGUNDA: O CONSELLO SCOUT GALEGO.....	15
Artigo 25. Definición	15
Artigo 26. Funcións.....	15
Artigo 27. Composición	16
Artigo 28. Reunións e orde do día	16
Artigo 29. Toma de decisións	17
SECCIÓN TERCEIRA: O EQUIPO SCOUT GALEGO.....	17
Artigo 30. Definición	17
Artigo 31. Composición	17
Artigo 32. Funcións.....	17
Artigo 33. Elección.....	20
Artigo 34. Cesamento de membros do Equipo Scout Galego e provisión de vacantes ..	21
Artigo 35. Dimisión ou cese do Equipo Scout Galego	21
Artigo 36. Moción de censura ao Equipo Scout Galego	22
Artigo 37. Reunións	22
Artigo 38. Toma de decisións	22
SECCIÓN CUARTA: A CONFERENCIA SCOUT GALEGA.....	22
Artigo 39. Definición	22
Artigo 40. Funcións.....	22
Artigo 41. Composición	23
Artigo 42. Toma de decisións	23
Artigo 43. Reunións	23
SECCIÓN QUINTA: O FORO DE SCOUTERS	23
Artigo 44. Definición	23
Artigo 45. Funcións.....	23
Artigo 46. Composición	23
Artigo 47. Reunións	24
Artigo 48. Toma de decisións	24
CAPÍTULO IV – ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA.....	24
Artigo 49. Patrimonio fundacional	24
Artigo 50. Recursos económicos.....	24
Artigo 51. Xestión Financeira e Disposición de Fondos	24
Artigo 52. Orzamento e Modificacións	25



Artigo 53. Contas anuais e exercicio económico	25
CAPÍTULO V - DISPOSICIÓNS XERAIS	25
Artigo 54. Lingua oficial	25
Artigo 55. Uniformes, insignias e distintivos	25
Artigo 56. Símbolos da Asociación	25
Artigo 57. Regulamento Interno	26
CAPÍTULO VI - DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN	27
Artigo 58. Disolución	27
Artigo 59. Liquidación	27
Artigo 60. Aplicación do haber resultante	27
CAPÍTULO VII – REFORMA DOS ESTATUTOS E DOS REGULAMENTOS DE ASDE SCOUTS DE GALICIA	27
Artigo 61. Proceso de reforma dos Estatutos e dos Regulamentos	27
Artigo 62. Participación dos Grupos no proceso de Reforma dos Estatutos	27
CAPÍTULO VIII – OUTRAS DISPOSICIÓNS	28
<i>DISPOSICIÓNS ADICIONAIS</i>	<i>28</i>
<i>DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS</i>	<i>28</i>
<i>DISPOSICIÓNS FINAIS</i>	<i>28</i>



CAPÍTULO I - DEFINICIÓNS

Artigo 1. Denominación e réxime xurídico

1. A federación ASDE - SCOUTS DE GALICIA - EXPLORADORES DE GALICIA, en adiante "A Federación", pertencente á Federación de Scouts-Exploradores de España (ASDE), en adiante "ASDE Scouts de España", posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, é unha organización civil de carácter educativo para infancia e xuventude, non lucrativa, feminista, plural e aberta, de libre adhesión, con carácter político non partidista e está formada por Asociacións, en adiante "Grupos Scout", ao amparo do artigo 22 da Constitución Española.
2. A Federación é herdeira e continuadora da asociación ASDE – Scouts de Galicia – Exploradores de Galicia, que a súa vez o foi da Área III da asociación ASDE – Scouts de España – Exploradores de España, anteriormente Zona III da mesma Asociación, que o foi da Asociación Nacional de los Exploradores de España – Boy Scouts Españoles (ANEDE) en Galicia.
3. A Federación no seu status de Organización Federada a ASDE Scouts de España, pertence a través dela á Federación de Scoutismo en España (FEE) e polo tanto á Organización Mundial do Movemento Scout (OMMS).
4. A Federación sométese ao réxime xurídico vixente, á Lei Orgánica de Asociacións 1/2002 de 22 de Marzo así como a aquelas disposicións futuras que en materia asociativa se aproben.
5. A Federación denominarase con carácter xeral federación "ASDE - SCOUTS DE GALICIA - EXPLORADORES DE GALICIA", podendo usar tamén o nome abreviado como "ASDE Scouts de Galicia".
6. A Federación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 2. Fins e actividades

1. A Federación ten como fin contribuír á formación integral da infancia e da xuventude, axudándoas a desenvolver plenamente as súas posibilidades físicas, intelectuais, afectivas, sociais, espirituais e éticas, tanto como persoas, como cidadáns responsábeis e membros da comunidade local, autonómica, estatal e internacional, recoñecendo e promovendo como fins propios a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a educación ambiental e a cooperación e a educación para o desenvolvemento, ademais de:
 - a) Promover e difundir a aplicación do método educativo denominado Scoutismo (ou Método Scout), ideado por Lord Robert Baden-Powell of Gilwell en 1907, supervisando as directrices xerais do método educativo denominado Scoutismo e apoiando a súa posta en práctica a través dos Grupos Scout.
 - b) Coordinar a organización, as relacións e as actuacións dos seus Grupos Scout para a constante actualización e máis para a práctica do Scoutismo.
 - c) Promover as condicións organizativas e sociais para que os seus Grupos Scout poidan cumprir axeitadamente a Misión. Cando así o requiran apoialos e acompañalos nos seus procesos de desenvolvemento.



2. Para a consecución de ditos fins poderá propor todo tipo de actividades educativas, medioambientais, de aire libre, de cooperación ao desenvolvemento, de intervención e integración social, de coeducación e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, de promoción e formación do voluntariado social, así como outras dedicadas aos servizos sociais dirixidos á infancia e xuventude e outros sectores necesitados da sociedade galega, de educación para a saúde, especialmente no ámbito das drogas dependencias, de educación afectivo – sexual, de educación para a paz, de educación para a orientación socio laboral, de promoción da cultura e o deporte, de colaboración coa Protección Civil, de formación de persoal monitor e de director de Tempo Libre a través da Escola Scout Insignia de Madeira, de animación sociocultural e de calquera outra actividade lícita que poda contribuír ao logro dos seus fins.
3. A Federación baseará a súa actividade educativa no Sistema de Programas educativos scouts de ASDE Scouts de España, definido como o conxunto de documentos e estratexias educativas, funcionais e organizativas que, dentro da Federación e en función da distribución de competencias, están continuamente a articularse para asegurar os mellores resultados, e cuxo fin último é orientar e facilitar o labor educativo dos scouts.
4. A Federación poderá establecer relacións e colaboracións con outras entidades e persoas, físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que estean interesadas no eido educativo da infancia e da xuventude, ou en actividades de indubidable interese para os scouts. En ningún caso estas relacións poderán entrar en contradición coas leis do Estado nin cos fins, principios e métodos do scoutismo. Así mesmo, a Federación poderá integrarse con elas ou participar en calquera tipo de órganos, foros, plataformas e outros medios lícitos de intercambio e colaboración, consonte o disposto nestes Estatutos.
5. Cando os órganos da Federación actúen exclusivamente en nome desta, poderán asumir os compromisos e establecer as fórmulas de cooperación ou participación que estimen oportunos, coas limitacións establecidas nestes Estatutos.

Artigo 3. Principios

1. A Federación subscribe os principios establecidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Convención Mundial sobre os Dereitos do Neno e da Nena de Nacións Unidas, no Convenio Europeo de Dereitos Humanos e na Carta Europea de Dereitos Fundamentais, así como nos demais tratados autonómicos, nacionais e internacionais sobre a materia.
2. A Federación asume como propios os principios da Constitución Scout Mundial, concretados en:
 - a) Un Compromiso Espiritual e Ético. Que implica tomar conciencia da vertente espiritual e ética da vida e da súa aplicación práctica no día a día.
 - b) Un Compromiso Social. O que supón a participación no desenvolvemento da sociedade, dentro do respecto á dignidade da persoa, o fomento da paz, a comprensión e a cooperación entre os pobos a nivel local, nacional e internacional e o respecto á integridade da natureza. Nunha realidade máis próxima, eríxese favorecedora do coñecemento, creación e difusión da cultura e lingua galega.



- c) Un Compromiso Persoal. Para que cada persoa poda converterse no artífice e protagonista do seu propio crecemento, desenvolvendo a capacidade crítica e un sentido persoal de responsabilidade e auto esixencia.

3. A Federación, así como os seus Grupos Scout adhírense á Lei e Promesa Scout, nos termos establecidos na Constitución Scout Mundial e, concretamente, coas adaptacións asumidas por ASDE Scouts de España.

Artigo 4. Ámbito territorial

O ámbito de actuación da Federación abarca a Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, cando así o requira a natureza dalgunha actividade, esta poderá desenvolverse total ou parcialmente fóra da mesma.

Artigo 5. Ámbito competencial

En relación cos Grupos Scout nela federados, a Federación exerce as seguintes competencias, diferenciando entre:

1. Competencias propias da Federación:
 - a) Desenvolver a xestión administrativa e de recursos humanos necesaria para o desempeño das súas funcións.
 - b) Desenvolver a xestión económica e patrimonial que requiran os seus bens e dereitos.
 - c) Diseñar, organizar, desenvolver, avaliar e informar das actividades que promova, tanto por iniciativa propia, como a petición dos Grupos Scout.
 - d) Establecer relacións e designa a representación da Federación ante institucións e organismos de ámbito autonómico ou estatal, públicos ou privados.
 - e) Promover a cooperación, os intercambios e as actividades conxuntas dos distintos Grupos Scout.
 - f) Asumir, en representación de todos os Grupos Scout as relacións estatais, tanto ante ASDE Scouts de España, coma ante outras organizacións scouts e non scouts.
 - g) Desempeñar calquera outra competencia necesaria para a boa marcha da Federación e que, salvo nos casos previstos nestes Estatutos e nas súas normas de desenvolvemento, non supoña unha invasión da autonomía propia dos Grupos Scout.
 - h) Coordinar a formación de persoas voluntarias adultas (en adiante scouters) nos niveis de Acollida do Scouter, Educador Scout - Nó Gilwell, Coordinador Scout - Insignia de Madeira e Acollida do Formador. En todo caso, asumindo o disposto polo sistema de formación de ASDE Scouts de España.
 - i) Establecer as sinais de identidade externas básicas da Federación.
2. Por delegación permanente de competencias dos Grupos Scout, coa finalidade de manter a homoxeneidade de criterios necesaria para a correcta aplicación do Método Scout:
 - a) Definir as liñas xerais, establecendo o marco básico, do Sistema de Programas e as posíbeis ferramentas educativas comúns a todos os Grupos Scout, asegurando a comunicación entre scouters dos mesmos.
 - b) Velar para que as liñas de traballo dos Grupos Scout mantéñanse no marco do proxecto e programa educativo da Federación.



- c) Definir as liñas xerais en materia de Voluntariado Adulto.
- d) Establecer marcos de relación, cooperación e intercambio con organizacións scouts de ámbito autonómico ou de outras Comunidades e difunde entre os Grupos Scout a información procedente das mesmas nesta materia.
- e) Desenvolver estratexias en materia de relacións institucionais e de coordinación co resto do movemento xuvenil a nivel autonómico.
- f) Desempeñar labores de comunicación interasociativa e de proxección social do Scoutismo no ámbito autonómico, en relación cos medios de comunicación social e materiais de promoción e difusión de dito ámbito.
- g) Asumir a promoción e coordinación da captación de novos recursos económicos complementarios e a optimización e control dos existentes.

Artigo 6. Domicilio

- 1. O domicilio social da Federación está en O Graxal (Cambre), na rúa Constitución 15 entrechan 4. Con código postal número 15679.
- 2. A modificación do devandito domicilio social poderá ser acordada polo Equipo Scout Galego, aínda que requirirá ser referendada polo primeiro Consello Scout Galego que se celebre para a súa posterior aprobación.
- 3. A Escola Scout Insignia de Madeira fixará sempre o seu domicilio postal na sede da Federación, e variarao cando esta o modifique.

CAPÍTULO II – DOS ASOCIADOS

Artigo 7. Asociados da Federación

Son Asociados de pleno dereito os Grupos Scout que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Estar legalmente constituídos como Asociación sen ánimo de lucro na Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e independente da Federación, e plena capacidade de obrar.
- b) Estar dado de alta como Asociación Prestadora de Servicios á Xuventude na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Ter como finalidade a posta en práctica do Scoutismo a través do Método Scout, utilizando como unidade funcional o Grupo Scout.
- d) Aceptar plenamente os presentes Estatutos e as súas normas de desenvolvemento.
- e) Asumir o sistema de programas como o Sistema de Formación de ASDE Scouts de España.
- f) En caso de entidades de nova entrada á Federación (en adiante Grupos Scout en formación), ter permanecido como asociado observador durante un período mínimo dun ano salvo que o órgano competente da Federación acorde excepción ou modificar este prazo.

Artigo 8. Grupos Scout

1. Os Grupos Scout son as distintas asociacións sen ánimo de lucro, prestadoras de servizos á xuventude, que integran a Federación e as estruturas fundamentais para o desenvolvemento do método scout. O seu actuar ten que ser conforme aos presentes Estatutos, Regulamentos que os desenvolvan e ao Compromiso da Federación.
2. A denominación será a de "Grupo Scout" seguido do nome e do rexistro nacional de ASDE Scouts de España. Para os Grupos Scout en formación, a Federación asignará un número de rexistro provisional de 3 cifras que empezará por 9. Se algún Grupo Scout está inscrito cun nome diferente no rexistro de asociacións, deberá modificalo para adecuarse ao disposto polos presentes estatutos.
3. Os Grupos Scout deben indicar sempre a súa pertenza á federación ASDE - SCOUTS DE GALICIA - EXPLORADORES DE GALICIA en calquera medio de carácter público que utilicen.
4. O Grupo Scout organizárase con carácter xeral dependendo da idade da persoa asociada en: Colonia de Castores, Manda de Lobatos, Sección Scout, Unidade Esculta e Clan de Rovers, co fin de desenvolver o método educativo scout acorde cos sistemas ou programas educativos vixentes na Federación. A comunidade de scouters agrúpanse baixo o nome de Kraal de Scouters.
5. O Grupo Scout goza de autonomía para o desenvolvemento do método scout, así como no referente á xestión dos seus propios recursos, respondendo de todo isto ante os órganos competentes. As liñas de traballo dos Grupos Scout manteranse no marco do sistema de programas da Federación.
6. O Grupo Scout deberá cumprir coas obrigas marcadas por estes Estatutos e polos acordos que emanen da Asemblea Scout Galega e do Consello Scout Galego.

Artigo 9. Órganos do Grupo Scout

1. Aos efectos funcionais e de representación o Grupo Scout dotárase internamente dos seguintes órganos (independentemente das denominacións que utilicen) recoñecidos pola Federación:
 - a) Coordinación de Grupo (Presidencia da Asociación), que ostentará a representación máxima do Grupo e velará pola liña educativa do mesmo.
 - b) Consello de Grupo, composto polos scouters, que ostenta toda a capacidade de goberno e dirección educativa do grupo, podendo delegar as funcións administrativas no Comité de Grupo.
2. Asemade, recoméndase aos Grupos Scout dotarse dos seguintes órganos (independentemente das denominacións que utilicen):
 - c) Comité de Grupo, composto pola coordinación de Grupo, representantes das familias das persoas asociadas menores de idade, colaboradores do Grupo e persoas vinculadas co Movemento Scout. A súa función é a de ser un vínculo entre o Consello de Grupo e as familias ou titorías legais, realizando labores de apoio.
 - d) Conferencia de Grupo, formada pola Coordinación do Grupo, o Consello e Comité de Grupo e as familias das persoas asociadas infantís e xuvenís. As persoas



asociadas xuvenís maiores de idade poderán ser membros da Conferencia de Grupo, sempre que así o recolla o Regulamento Interno do Grupo.

3. O Grupo Scout poderá dotarse autonomamente dos órganos e normas que estime convenientes para o mellor desenvolvemento da súa función educativa, sempre que non vulneren os presentes Estatutos e as normas que os desenvolvan, debendo ser aprobados polo órgano superior.
4. O Grupo Scout velará polo cumprimento dos dereitos e obrigas da súas persoas asociadas.
5. As condicións e requisitos para ostentar cargos nun Grupo Scout virán determinados polos Estatutos ou polas normas de réxime interno do propio Grupo.

Artigo 10. Admisión de Grupos Scout

1. A admisión como novo Grupo Scout en formación da Federación terá carácter transitorio e será acordada pola Asemblea Scout Galega por solicitude escrita do representante legal do Grupo Scout interesado en federarse, logo do informe emitido desde a Secretaría Scout Galega no que se certifique que foi adoptado o oportuno acordo polo órgano competente, conforme ás súas normas internas, e que os seus Estatutos e normativa interna complementaria non contraveñen o previsto nestes Estatutos e demais normativa de desenvolvemento. Para iso, deberá achegar toda a documentación necesaria solicitada pola Secretaría Scout Galega.
2. A admisión como Grupo Scout de pleno dereito da Federación será acordada por polo menos dous terzos dos votos emitidos pola Asemblea Scout Galega a proposta da Secretaría Scout Galega, na que se certifique que se cumpriu durante o período de formación de, como mínimo, un ano (salvo excepción determinada polos órganos da Federación), coas obrigas emanadas dos presentes Estatutos. Cando o Grupo Scout finalice o seu período de formación, a Federación solicitará a ASDE Scouts de España o seu rexistro nacional, seguindo, para iso, o protocolo que ASDE Scouts de España ten desenvolvido para tal efecto.

Artigo 11. Socios de Honra, Socios Protectores e Socios Colaboradores

1. Son Socios de Honra as persoas físicas ou xurídicas que se fagan acreedoras de tal distinción, por razón de méritos relevantes e servizos prestados á Federación. O nomeamento corresponde á Asemblea Scout Galega. A proposta de nomeamento de Socios de Honra poderá facerse a petición da Presidencia Scout Galega ou de calquera Coordinación de Grupo de pleno dereito. O Consello Scout Galego decidirá se esta proposta debe ser elevada á Asemblea Scout Galega logo do estudo do expediente no que constarán os méritos da persoa candidata. O nomeamento debe ser aprobado por polo menos os dous terzos dos votos emitidos na Asemblea Scout Galega.
2. Son Socios Protectores aquelas persoas físicas ou xurídicas que, sendo invitados pola Federación, decidan subscribir unha cota periódica. O nomeamento corresponde ao Consello Scout Galego.
3. Son Socios Colaboradores aquelas persoas físicas ou xurídicas que colaboren doutra forma ao bo funcionamento da Federación, como pode ser a realización de



determinados traballos de conservación do patrimonio histórico da Federación ou dalgún dos seus Grupos Scout, a realización de traballos ou actividades excepcionais de apoio á labor da Federación ou outras, o Consello Scout Galego a proposta de calquera dos seus membros, poderá acordar outorgar o seu recoñecemento.

4. Os Socios de Honra, Protectores ou Colaboradores poderán perder a súa calidade de socio polos seguintes motivos:
- a) Por vontade propia.
 - b) Por acordo expreso da Asemblea Scout Galega.
 - c) Por disolución ou pasamento.

Artigo 12. Dereitos dos Asociados

1. Os dereitos dos Grupos Scout da Federación serán os seguintes:
 - a) Participar nos órganos da Federación, da forma que se establece nestes Estatutos e nos regulamentos propios da Federación.
 - b) Participar nas actividades organizadas pola Federación ou nas xestionadas a través dela.
 - c) Propoñer aos seus asociados para o desempeño dos cargos establecidos nas estruturas e órganos da Federación, respectando os requisitos que para cada un deles se establezan, con excepción dos grupos en formación.
 - d) Utilizar os servizos que a Federación ofrezca.
 - e) Solicitar da Federación a prestación de servizos que respondan as súas necesidades.
 - f) Recibir información e obter asesoramento e apoio derivados do exercicio das competencias que a Federación ten atribuídas.
 - g) Acceder a toda a información emitida por parte de calquera órgano ou cargo da Federación sempre que non vulnere a lexislación vixente.
2. Os socios incluídos no artigo 11 terán dereito de asistencia á Asemblea Scout Galega en calidade de observadores e a aquelas actividades ás que sexan convidados, a recibir a información xeral da Federación e a participar naqueles actos institucionais desta aos que sexan invitados ou convocados.

Artigo 13. Deberes dos Asociados

1. Os deberes dos Grupos Scout da Federación serán os seguintes:
 - a) Respetar, cumprir e facer cumprir a normativa vixente, os presentes Estatutos e as restantes normas de réxime interno da Federación.
 - b) Respetar, cumprir e facer cumprir os Estatutos e Regulamentos tanto de ASDE Scouts de España como os internacionais, así como todos os acordos nacionais e internacionais adoptados polos órganos competentes.
 - c) Participar nos órganos de decisión establecidos.
 - d) Fomentar a cooperación, o intercambio e as actividades conxuntas cos demais Grupos Scout.
 - e) Facilitar á Federación, en forma e prazo, a información económica e administrativa que esta poida chegar a solicitar.
 - f) Satisfacer as cotas establecidas pola Asemblea Scout Galega.
 - g) Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.



2. Os Socios de Honra, Patrocinadores e Colaboradores teñen a obriga de cumprir os compromisos que subscriban individualmente, tanto económicos como de prestación de servizo á Federación, así como respectar e facer respectar as súas normas internas, velando polo prestixio e a imaxe desta.

Artigo 14. Suspensión de dereitos

1. O exercicio de todos ou algún dos dereitos establecidos no artigo 12 poderá ser suspendido temporalmente por decisión do Consello Scout Galego, por un período máximo de seis meses ben como medida cautelar (para evitar prexuízos á Federación, ao propio Grupo Scout ou a terceiros de difícil ou imposíbel reparación) ou ben en calidade de sanción.
2. O acordo de suspensión de dereitos, que especificará claramente se se trata dunha sanción ou dunha medida cautelar, será preceptivamente sometido á ratificación ou rectificación da Asemblea Scout Galega na súa primeira reunión inmediata posterior á súa adopción, en caso de que non fora adoptado por dito órgano.
3. O proceso para o acordo de suspensión de dereitos e sancións será ampliado mediante o Regulamento Interno de Recoñecementos e Sancións.

Artigo 15. Perda da calidade de socio

1. Os Grupos Scout poderán perder a súa calidade de socio da Federación por algún dos seguintes motivos:
 - a) Por vontade propia, mediante acordo validamente adoptado polo órgano competente do Grupo Scout, que será notificado á Federación.
 - b) Por comprometer os principios do Scoutismo ou incumprir con gravidade os Estatutos e as normas da Federación, ou atentar contra o prestixio da mesma.
 - c) Por non cumprir co pago das cotas establecidas ou non cumprir as obrigas contraídas.
 - d) Por disolución do Grupo Scout.
 - e) Por expediente disciplinario.
2. Os Socios de Honra, os Socios Protectores e os Colaboradores poderán perder a súa condición de tales polos seguintes motivos:
 - a) Por vontade propia, manifestada por escrito á Secretaría Scout Galega.
 - b) Por acordo expreso, debidamente motivado, na Asemblea Scout Galega.
 - c) Por pasamento ou disolución, que, unha vez coñecido, determinará automaticamente a perda da condición de asociado.
 - d) Como consecuencia dunha sanción disciplinaria.
3. A perda da calidade de socio dun Grupo Scout (ou de asociado ao mesmo por sanción disciplinaria imposta pola Federación) por algunha das causas sinaladas no Artigo 15.1.e destes Estatutos, ou dun Socio de Honra, Protector ou Colaborador polo motivo sinalado no Artigo 15.2.d, requirirá a previa tramitación dun expediente disciplinario.

4. A perda da condición de Socio de Honra, Protector ou Colaborador na forma prevista no Artigo 15.2.b requirirá que a proposta a remitir á Asemblea Scout Galega sexa aprobada polo Consello Scout Galego previamente, unha vez que calquera dos seus membros así o solicite e expoña as razóns que motivan tal solicitude, e que deberán fundamentar o posterior acordo da Asemblea Scout Galega.

Artigo 16. Réxime de conflitos

A Federación poderá dispoñer dunha normativa específica ou Regulamento Interno onde estableceranse os distintos tipos de faltas e sancións e recursos, así como o modo de resolver os posíbeis conflitos que puideran xurdir. Na súa ausencia, aplicarase de forma subsidiaria o procedemento xeral sancionador previsto na lexislación vixente.

CAPÍTULO III – ORGANIZACIÓN FUNCIONAL

Artigo 17. Órganos da Federación

1. Para asegurar o cumprimento dos fins establecidos nos presentes Estatutos, a Federación contará, cando menos, cos seguintes órganos:
 - a) Asemblea Scout Galega.
 - b) Consello Scout Galego.
 - c) Equipo Scout Galego.

Ademais, poderán existir outros órganos como:

- a) Conferencia Scout Galega.
 - b) Foro de Scouters Galego.
2. Impugnación de acordos:
 - a) Os Grupos Scout poderán impugnar os acordos e actuacións da Federación que estimen contrarios aos Estatutos ou as leis, dentro do prazo de corenta días naturais a partir da data de adopción dos mesmos, instando a súa rectificación ou anulación e a suspensión preventiva no seu caso.
 - b) Esta impugnación resolverase no propio órgano no que se tomara á decisión, podendo recorrer a resolución en calquera órgano superior.
3. Todos os órganos da Federación poderán reunirse, deliberar e tomar acordos de xeito presencial ou telemático. Nas reunións non presenciais deberase garantir unha identificación fiable das persoas participantes, a comunicación en tempo real e o correcto exercicio do dereito ao voto, dispoñendo os medios adecuados para iso.

Artigo 18. Gratuidade dos cargos

Ningunha das persoas que compoñen os órganos federais arriba mencionados poderá recibir remuneración, sexa cal fose a súa denominación, como contraprestación polo traballo que deba desenvolver no desempeño do seu cargo, salvo o reembolso dos gastos que realice no desempeño da súa función, por conta de ASDE Scouts de Galicia.

Artigo 19. Delegación de votos nos órganos da Federación

Ningún Grupo Scout poderá delegar o seu voto nos órganos de representación da Federación nunha persoa que non sexa scouter asociado ao mesmo.

SECCIÓN PRIMEIRA: A ASEMBLEA SCOUT GALEGA

Artigo 20. Definición

A Asemblea Scout Galega é o máximo órgano de goberno, decisión e representación da Federación.

Artigo 21. Funcións

1. Son competencias exclusivas da Asemblea Scout Galega:
 - a) Acordar a perda da calidade de socio.
 - b) Elixir ao Equipo Scout Galego.
 - c) Aprobado e modificar os Estatutos e o Regulamento Interno.
 - d) Nomear aos Asociados de Honra.
 - e) Aprobado a incorporación da Federación a outras entidades.
 - f) Acordar a disolución da Federación.
 - g) Aprobado a incorporación á Federación de novos Grupos.
2. Son competencias delegables da Asemblea Scout Galega:
 - a) Outorgar os recoñecementos e impoñer as sancións que deban someterse á súa consideración.
 - b) Designar aos representantes da Federación ante os órganos de ASDE Scouts de España, respectando sempre a normativa de dita entidade.
 - c) Solicitar nos termos fixados nos Estatutos de ASDE Scouts de España a convocatoria da Asemblea Scout extraordinaria.
 - d) Propoñer candidatos a cargos de ASDE Scouts de España.
 - e) Aprobado, se procede, os documentos de xestión (orxamentos) e control económicos (contas anuais).
 - f) Fixar as cotas a aportar polos Grupos Scout, tanto ordinarias como extraordinarias.
 - g) Coñecer a Memoria de Actividades e o informe anual de xestión do Equipo Scout Galego e aprobar as liñas de actuación da Federación.
 - h) Elixir e nomear á persoa ou persoas censores de contas.
 - i) Coñecer e ratificar, se procede, o traballo e os acordos de calquera Comisión federal.
 - j) Aprobado a disposición e o alleamento de bens inmoables da Federación.
 - k) Calquera outra que requira a boa marcha da Federación e que a propia Asemblea Scout Galega estime oportuno.

Artigo 22. Composición

1. A Asemblea Scout Galega estará formada por:
 - a) A Presidencia Scout Galega, que a preside.
 - b) A Secretaría Scout Galega, que levanta acta da mesma.
 - c) O resto das persoas integrantes do Equipo Scout Galego.
 - d) As delegacións de representantes dos Grupos Scout tanto de pleno dereito como en formación.
2. As delegacións de representantes dos Grupos Scout de pleno dereito, contarán como mínimo cun voto. Ademais, por cada dez Asociados ou fracción, de acordo co censo existente no listado CRM (ou, no seu defecto, calquera outro sistema que, no seu



momento, se empregue para a determinación dos censos) na data de celebración do Consello Scout Galego que convocou a Asemblea correspondente; e sempre que o Grupo Scout se atope ao corrente de pago coa Federación (salvo excepcións). Cando un Grupo Scout supere, dentro da última fracción a contabilizar, a cifra de cinco persoas asociadas, dito Grupo sumará un voto máis. Ningún dos delegados poderá representar a máis dun Grupo Scout nin ostentar máis dun voto delegado. O Equipo Scout Galego contará con dous votos, salvo naquelas votacións referidas a eleccións do Equipo Scout Galego, nas que o Equipo saínte ou renovable non terá voto.

3. Á Asemblea Scout Galega poderá asistir como observador sen voz e sen voto calquera scouter asociado a un Grupo Scout, así como os Socios de Honra, Protectores e Colaboradores.
4. En caso de ausencia da persoa que ocupe a Presidencia ou a Secretaría Scout Galega, estas deberán delegar as súas funcións noutras persoas integrantes do Equipo Scout Galego.

Artigo 23. Reunións e orde do día

1. A Asemblea Scout Galega reunirse, de forma ordinaria, polo menos unha vez ao ano, por convocatoria do Consello Scout Galego con polo menos quince días de antelación.
2. O Equipo Scout Galego ou calquera Grupo Scout poderán incluír ata dúas novas propostas na orde do día ata o sexto día natural anterior á súa celebración que se incluírán nun punto denominado "Propostas do Equipo e dos Grupos Scout". Se o Equipo Scout Galego ou calquera Grupo Scout desexan incluír máis de dúas propostas ou se xa non se está en prazo, dita inclusión deberá ser ratificada na propia Asemblea por, polo menos, a maioría simple dos votos emitidos.
3. Na convocatoria figurará o lugar, a data e hora do inicio da reunión, na primeira e na segunda convocatoria, así como o reparto de votos e a orde do día.
4. A Asemblea Scout Galega poderá reunirse de forma extraordinaria, por convocatoria do Consello Scout Galego.

Esta convocatoria será de carácter obrigatorio para o Consello Scout Galego a petición da Presidencia Scout Galega coa maioría absoluta do Equipo Scout Galego, ou a petición dun terzo dos Grupos Scout de pleno dereito, ou pola admisión a trámite dunha moción de censura.

A Asemblea Scout Galega, de carácter extraordinario, será convocada polo órgano competente, con polo menos quince días naturais de antelación, debendo constar na convocatoria a orde do día, lugar, data e hora de inicio da Asemblea en primeira e segunda convocatoria.

5. Poderanse incluír na convocatoria ordinaria da Asemblea Scout Galega puntos na orde do día no momento xusto do inicio da Asemblea, contando, polo menos, coa aprobación da maioría absoluta dos votos emitidos.
6. Para que a Asemblea Scout Galega poida tomar acordos, deberá estar constituída pola metade máis un do total de votos representativos dos Grupos Scout de pleno dereito



na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de votos.

Artigo 24. Toma de decisións

1. Os acordos tomados na Asemblea Scout Galega adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos en primeira votación, sen prexuízo das outras maiorías previstas na Lei de Asociacións, nos presentes Estatutos e no Regulamento da Federación.
2. Para a aprobación dos asuntos aos que se refiren os apartados a) e d) do artigo 21.1 requirirase a obtención dos dous terzos dos votos emitidos a favor da proposta. A modificación dos Estatutos e do RRI deberá aprobarse en Asemblea Scout Galega extraordinaria. No caso ao que se refire o apartado b do artigo 21.1 destes Estatutos, de non alcanzarse a maioría correspondente, atenderase ao recollido nos artigos 33.2, 35.2 e 58.c) dos presentes estatutos e do regulamento que desenvolva o proceso de elección, de existir.
3. O acordo para a disolución da Federación requirirá do voto favorable de, polo menos, os 3/4 dos votos emitidos.

SECCIÓN SEGUNDA: O CONSELLO SCOUT GALEGO

Artigo 25. Definición

O Consello Scout Galego é o máximo órgano de goberno da Federación, cando a Asemblea Scout Galega non estea reunida, coas competencias sinaladas no artigo 5 e as limitacións expresadas no artigo 21 dos presentes Estatutos.

Artigo 26. Funcións

Son funcións do Consello Scout Galego:

- a) Coñecer o balance económico do ano anterior, presentado pola Tesouraría Scout Galega, como paso previo a súa presentación á Asemblea Scout Galega para a súa aprobación.
- b) Aprobar e modificar o anteproxecto do orzamento confeccionado pola Tesouraría Scout Galega para ser presentado á Asemblea Scout Galega.
- c) Convocar á Asemblea Scout Galega.
- d) Velar pola correcta execución dos acordos da Asemblea Scout Galega e da Conferencia Scout Galega por parte dos órganos competentes.
- e) Outorgar as recompensas e impoñer as sancións que deban someterse a súa consideración.
- f) Elaborar e aprobar o calendario de reunións e actividades xerais da Federación.
- g) Coñecer, con carácter xeral, a actividade desenvolta polo Equipo Scout Galego e, en particular, aprobar os nomeamentos que realicen a Presidencia Scout Galega ou os membros do Equipo Scout Galego.
- h) Nomear ou destituír libremente aos membros da Comisión de Recoñecementos e Sancións, a proposta de calquera dos membros do Consello Scout Galego.
- i) Presentar á Asemblea Scout Galega para a súa ratificación, si procede, as resolucións oportunas referidas á participación da Federación en Federacións ou organismos de coordinación públicos o privados.



- j) Exercer as funcións propias da Asemblea Scout Galega, cando obre delegación expresa desta, coas limitacións previstas nos Estatutos.
- k) En xeral, resolver calquera cuestión que afecte á marcha da Federación.
- l) Aprobar a convocatoria da Conferencia Scout Galega.

Artigo 27. Composición

- 1. Consello Scout Galego estará constituído por:
 - a) A Presidencia Scout Galega, que o preside.
 - b) Todas as Coordinacións de Grupo (Presidencias das Asociacións) dos Grupos Scout actuando na súa representación ou aqueles scouts asociados aos mesmos nos que deleguen expresamente.
 - c) A Secretaría Scout Galega, que levanta acta.
 - d) A Tesouraría Scout Galega.
 - e) O resto dos membros electos do Equipo Scout Galego.
- 2. En caso de ausencia da persoa que ocupe a Presidencia ou a Secretaría Scout Galega, estas deberán delegar as súas funcións noutras persoas integrantes do Equipo Scout Galego.

Artigo 28. Reunións e orde do día

- 1. O Consello Scout Galego reunirse periodicamente, polo menos tres veces ao ano, previa convocatoria da Presidencia Scout Galega ou a petición dun terzo dos Grupos Scout de pleno dereito, con polo menos quince días naturais de antelación, debendo constar na convocatoria o lugar, data, hora e orde do día do consello. Para a toma de decisións é necesaria a presenza da metade máis un dos membros de pleno dereito do Consello Scout Galego en primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.
- 2. O Equipo Scout Galego ou os Grupos Scout poderán incluír novos puntos na convocatoria ordinaria na orde do día ata seis días naturais antes da celebración. Tamén poderán incluírse novos puntos no momento de constituír a sesión se contan co respaldo de polo menos os dous terzos dos votos presentes. A Presidencia Scout Galega poderá introducir, fóra da orde do día, asuntos de urxencia ou importancia que non podan aprazarse.
- 3. O Equipo Scout Galego ou calquera Grupo Scout poderán incluír ata dúas novas propostas na orde do día ata o sexto día natural anterior á súa celebración que se incluírán nun punto denominado "Propostas do Equipo e dos Grupos Scout". Se o Equipo Scout Galego ou calquera Grupo Scout desexan incluír máis de dúas propostas ou se xa non se está en prazo, dita inclusión deberá ser ratificada no propio Consello Scout Galego por, polo menos, a maioría simple dos votos emitidos.
- 4. En caso de urxencia apreciada pola Presidencia Scout Galega, esta poderá convocar ao Consello Scout Galego Extraordinario sen o prazo dos quince días naturais, utilizando calquera medio axeitado.



5. Nas convocatorias efectuadas desta forma só serán válidos os acordos adoptados se están presentes polo menos a metade máis un dos Grupos Scout de pleno dereito e a Presidencia Scout Galega, debendo ser ratificados na seguinte sesión ordinaria do Consello Scout Galego.

Artigo 29. Toma de decisións

Os acordos tomaranse por maioría simple dos votos emitidos en primeira votación, ostentando a Coordinación ou representante de cada Grupo Scout de pleno dereito un voto. O Equipo Scout Galego contará cun único voto conxunto, que será exercido pola Presidencia Scout Galega ou pola persoa do Equipo Scout Galego en quen delegue, sempre que se remita previamente a correspondente notificación ao Consello Scout Galego.

SECCIÓN TERCEIRA: O EQUIPO SCOUT GALEGO

Artigo 30. Definición

O Equipo Scout Galego constitúe a Xunta Directiva da Federación e ostenta as máximas competencias de xestión, administración e representación da Federación cando o Consello Scout Galego ou a Asemblea Scout Galega non estean reunidos.

Artigo 31. Composición

1. O Equipo Scout Galego estará formado, polo menos, polos seguintes cargos, que serán desenvolvidos por scouts en representación dos Grupos Scout aos que estean asociados:
 - a) Presidencia Scout Galega.
 - b) Secretaría Scout Galega.
 - c) Tesouraría Scout Galega.
2. Ademais formarán parte do Equipo Scout Galego, as coordinacións das distintas áreas propostas no documento de candidatura de cada Equipo, así como unha Vicepresidencia, en caso de habela. Recoméndase seguir as indicacións do Catálogo de Perfís de ASDE Scouts de España.
3. A Presidencia Scout Galega poderá nomear novos cargos do Equipo Scout Galego sempre que reciba a posterior ratificación da maioría simple dos votos emitidos na primeira Asemblea Scout Galega que teña lugar.
4. A Presidencia Scout Galega poderá nomear novos colaboradores do Equipo Scout Galego.

Artigo 32. Funcións

1. O Equipo Scout Galego ten con carácter xeral as seguintes funcións:
 - a) Dinamizar as reunións da Asemblea Scout Galega, Consello Scout Galego e da Conferencia Scout Galega.
 - b) Executar os acordos da Asemblea Scout Galega, Consello Scout Galego e da Conferencia Scout Galega.



- c) Coordinar a xestión económica e administrativa da Federación, así como as diferentes áreas e accións que se requiran para o bo funcionamento dos servizos establecidos pola Federación.
 - d) Aprobar a contratación de todo o persoal profesional que traballe para a Federación, dando conta das mesmas aos Consellos e Asembleas pertinentes.
 - e) Presentar ao Consello Scout Galego a memoria de actividades, ó informe anual de xestión do Equipo e ó balance e contas anuais da Federación. Así como o Plan Anual e os orzamentos do ano seguinte.
 - f) Exercer as demais funcións executivas que requira a marcha da Federación.
 - g) Representar á Federación a nivel local, autonómico, estatal e internacional.
2. Serán funcións da Presidencia Scout Galega:
- a) Presidir a Asemblea Scout Galega, a Conferencia Scout Galega, o Consello Scout Galego e o Equipo Scout Galego.
 - b) Convocar ao Consello Scout Galego.
 - c) Dirixir as actuacións do Equipo Scout Galego.
 - d) Presentar á Asemblea Scout Galega, no nome do Consello Scout Galego, a memoria da Federación así como as liñas xerais de actuación.
 - e) Representar á Federación en todo tipo de actos sociais e nos medios de comunicación, e subscribir, en nome da Federación, todo tipo de documentos, públicos ou privados, contratos e negocios xurídicos.
 - f) Representar á Federación ante as Administracións Públicas e ante todo tipo de Organismos a nivel local, autonómico e estatal así como ante ASDE Scouts de España.
 - g) Impulsar e promover a prestación de servizos da Federación aos seus Grupos Scout.
 - h) Todas aquelas determinadas polos órganos de ASDE Scouts de Galicia.
3. Serán funcións da Vicepresidencia Scout Galega:
- a) Substituír á Presidencia Scout Galega nos casos de ausencia ou vacante, ostentando a súa mesma capacidade de acción, decisión e representación a todos os efectos.
 - b) As expresamente delegadas dende a Presidencia Scout Galega.
 - c) Todas aquelas determinadas polos órganos da Federación.
4. Serán funcións da Secretaría Scout Galega:
- a) Responsabilizarse de todos os servizos administrativos da Federación, e exercer a xefatura do persoal, tanto profesional como voluntario, da Oficina Scout Galega, podendo desempeñar estas funcións por si mesmo ou mediante delegación expresa no persoal que del dependa. A estes efectos enténdese por persoal profesional todo aquel que, con o seu relación laboral coa Federación, preste os seus servizos mediante retribución, en tanto que se considerará persoal voluntario ao que non percibe retribución polo seu traballo.
 - b) Manter e conservar a documentación administrativa da Federación e certificar todo tipo de feitos que consten en dita documentación, a iniciativa propia ou a petición de parte interesada.
 - c) Actuar como secretario da Asemblea Scout Galega, do Consello Scout Galego, da Conferencia Scout Galega e do Equipo Scout Galego, levantando e conservando actas dos acordos adoptados por tales órganos. Estes serán difundidos a través dos medios adecuados.
 - d) Todas aquelas determinadas polos órganos da Federación.

5. Serán funcións da Tesourería Scout Galega:

- a) Administrar os fondos sociais e bens patrimoniais da Federación. Efectuar os cobros e pagamentos necesarios para a execución do orzamento, de acordo cos criterios aprobados pola Asemblea Scout Galega, así como os que excepcionalmente aproben a Presidencia Scout Galega, Equipo Scout Galego e Consello Scout Galego.
- b) Responsabilizarse dos libros de contabilidade, e render contas á Asemblea Scout Galega da súa xestión, presentando os balances e estados de contas debidamente acompañados do informe preceptivo do auditor/a ou auditores/as de contas.
- c) Presentar anualmente ao Consello Scout Galego un anteproxecto de orzamentos, así como un anteproxecto de bases de execución do mesmo, para a súa aprobación e posterior presentación á Asemblea Scout Galega como proxecto.
- d) Manter actualizados os rexistros contábeis da Federación, así como o inventario dos seus bens, mantendo constantemente informados á Presidencia Scout Galega e ao Consello Scout Galego da evolución e situación da tesourería e o patrimonio da Federación.
- e) Presentar o balance económico do ano anterior ao Consello Scout Galego como paso previo a súa presentación á Asemblea Scout Galega para a súa aprobación.
- f) Responsabilizarse de recadar e remitir ao seu destino os xustificantes de inversión de todo tipo de subvencións e outras aportacións públicas ou privadas percibidas pola Federación, esixindo de quen corresponda o reintegro das cantidades non xustificadas.
- g) Todas aquelas determinadas polos órganos da Federación.

6. Serán funcións da Coordinación de Voluntariado e Formación:

- a) Coordinar o Equipo de Voluntariado e formación e representar á Federación nesta área.
- b) Promover e apoiar a posta en marcha da política de voluntariado.
- c) Manter contacto e coordinación permanente coas Coordinacións dos Grupos Scout da Federación canalizando as súas necesidades e demandas nesta área.
- d) Xestionar recursos útiles para os scouts.
- e) Dar cumprimento aos acordos emanados da Asemblea e Consello en materia de voluntariado.
- f) Dirixir a Escola Scout Insignia de Madeira, coordinando a labor do Claustro.
- g) Representar á Federación en materia de formación.
- h) Velar pola adecuada formación scout dos scouts dos Grupos Scout e manter contactos coas Coordinacións ou titores de formación dos Grupos Scout.
- i) Todas aquelas determinadas polos órganos da Federación.

Os apartados f), g) e h) poderán ser delegados, nun scouter coa formación adecuada.

7. Serán funcións da Coordinación de Educación Scout:

- a) Coordinar o Equipo de Programas e representar á Federación nesta área.
- b) Coordinar a investigación e desenvolvemento constante do programa educativo da Federación.
- c) Velar pola correcta aplicación do método scout e programa educativo da Federación nos órganos da Federación.
- d) Coordinar a realización das actividades da Federación.



- e) Promover a participación de scouters e scouts en actividades autonómicas, estatais e internacionais.
 - f) En xeral, dar cumprimento aos acordos de Asemblea e Consello en materia de actividades da Federación e programa educativo.
 - g) Todas aquelas determinadas polos órganos da Federación.
8. Serán funcións da Coordinación de Crecemento:
- a) Coordinar o Equipo de Crecemento e representar á Federación nesta área.
 - b) Promover e apoiar a posta en marcha da política federativa de crecemento.
 - c) Manter contacto e coordinación permanente coas Coordinacións dos Grupos Scout da Federación canalizando as súas necesidades e demandas nesta área.
 - d) Dar cumprimento aos acordos emanados da Asemblea e Consello en materia de crecemento.
 - e) Promover a incorporación de voluntarios e educandos na Federación e os seus Grupos Scout.
 - f) Todas aquelas determinadas polos órganos da Federación.
9. Serán funcións do Delegado ou Delegada de Protección:
- a) Actuar como a persoa de contacto directa para que menores, familias, voluntariado ou persoal informen de calquera sospeita, indicio ou situación de violencia nas actividades da Federación.
 - b) Asegurar a correcta implantación, difusión e seguimento dos protocolos de actuación fronte á violencia que estean vixentes na Federación.
 - c) Tramitar de forma inmediata a comunicación coas autoridades competentes (servizos sociais, xudiciais ou policiais) ante calquera indicio de violencia ou situación de risco.
 - d) Coordinar e supervisar a rede de persoas responsables de protección en cada Grupo Scout
 - e) Ofrecer apoio técnico, orientación e pautas de actuación ao voluntariado e persoas de cada Grupo ante posibles casos ou dúbidas.
 - f) Impulsar os plans de formación obrigatoria en materia de prevención, detección precoz e bo trato para todo o voluntariado e persoal da federación.
 - g) Auditar e asegurar que as actividades, campamentos e dinámicas da federación e dos seus grupos garantan un contorno seguro, inclusivo e de protección integral para a infancia e a mocidade.
10. Con carácter xeral as funcións de comunicación, tanto interna coma externa, ou calquera outra que non apareza descrita nos apartados anteriores poderá ser asumida por calquera dos anteriores cargos ou por novos cargos que integren a candidatura.

Artigo 33. Elección

1. O Equipo Scout Galego será escollido en Asemblea Scout Galega extraordinaria da seguinte forma:
- a) Poderá ser cargo electo do Equipo Scout Galego calquera scouter asociado dun Grupo Scout de pleno dereito e ao día coas súas obrigas coa Federación, en representación do mesmo. Deberá contar para iso co aval do seu Grupo Scout.
 - b) A presentación de candidaturas poderá facerse ata quince días naturais antes da celebración da Asemblea Scout Galega onde se convoquen eleccións.
 - c) O proceso de elección seguirá as canles normais descritas nestes Estatutos.

- d) As candidaturas para a elección do Equipo Scout Galego basearanse na presentación dun programa de actuación suficientemente desenvolvido no que se acredite ademais a aceptación dos acordos previos da Federación.
 - e) As candidaturas serán pechadas.
 - f) Un Grupo Scout poderá ostentar varios cargos do Equipo Scout Galego sempre que sexa representado por diferentes scouters asociados ao mesmo.
- 2. No caso de non existir candidaturas ou de que ningunha delas acadara os votos necesarios para a súa proclamación, aplicarase o disposto no punto 2 do artigo 35 dos presentes Estatutos.
 - 3. O Equipo Scout Galego será elixido por un período de tres anos. Os scouters que en representación dos seus Grupos Scout formen parte da candidatura, non poderán optar ao mesmo cargo máis de dous mandatos consecutivos, debendo transcorrer un mandato para optar de novo a dito cargo.
 - 4. O principio do punto anterior non será aplicado no caso de que á elección do Equipo Scout Galego concorra unha única candidatura.

Artigo 34. Cesamento de membros do Equipo Scout Galego e provisión de vacantes

- 1. Os membros do Equipo Scout Galego cesarán nos seus cargos:
 - a) Por vontade propia.
 - b) Pola perda da calidade de socio do Grupo Scout ao que representa.
 - c) Pola aprobación dunha moción de censura por parte da Asemblea Scout Galega.
 - d) A proposta da Presidencia Scout Galega.
 - e) Como consecuencia de medidas disciplinarias ou xudiciais.
- 2. No caso de quedar vacante algún cargo do Equipo Scout Galego, a Presidencia Scout Galega poderá designar un substituto. No caso de quedar vacante a Presidencia Scout Galega o cargo será asumido pola Vicepresidencia Scout Galega, en caso de habela. En caso de non existir Vicepresidencia, poderá delegar esta responsabilidade en calquera outro membro do Equipo Scout Galego. En todos os casos será precisa a súa ratificación pola seguinte Asemblea Scout Galega.

Artigo 35. Dimisión ou cese do Equipo Scout Galego

- 1. O Equipo Scout Galego cesará nas súas funcións cando se produza algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Remate do período para o que foi elixido.
 - b) Cese o dimisión de máis do 50% dos seus membros.
- 2. En caso de producirse a dimisión de máis do 50% do Equipo Scout Galego, constituirase unha Comisión Xestora, composta polos tres membros máis antigos do Consello Scout Galego, que farán as veces de Presidencia, Secretaría e Tesouraría accidentais. No caso de renuncia dalgún dos seus membros ocupará o seu posto o seguinte membro do Consello Scout Galego máis antigo, entendendo por máis antigo o scouter que máis tempo consecutivo leve no mesmo. A Comisión Xestora terá un período de validez de seis meses como máximo.



3. No suposto de que non fose posible a formación da Comisión Xestora por renuncia dos suficientes membros do Consello Scout Galego, cada Grupo Scout deberá presentar polo menos un candidato para a mesma e será o propio Consello Scout Galego quen elixa os tres scouts que considere máis cualificados.

Artigo 36. Moción de censura ao Equipo Scout Galego

1. A moción de censura ten por obxecto a remoción completa do Equipo Scout Galego déranse as circunstancias dunha xestión deficiente, graves prexuízos á Federación ou comportamento contraditorio cos fins e principios scouts.
2. A presentación da moción de censura deberá realizarse por escrito, ante a Secretaría Scout Galega, e deberá conter sinaturas das Coordinacións de Grupo de Grupo, de polo menos unha terceira parte dos Grupos Scout de pleno dereito federados, que avalen a presentación da moción.
3. A moción de censura poderá presentarse:
 - a) En Asemblea Scout Galega extraordinaria convocada a tal efecto.
 - b) En Asemblea Scout Galega ordinaria, na cal será incluída na orde do día a moción de censura a petición dos 3/5 dos delegados presentes.
4. Para saír adiante a moción de censura necesitará obter dous terzos dos votos emitidos na Asemblea Scout Galega.

Artigo 37. Reunións

O Equipo Scout Galego reunirse tantas veces como considere necesario.

Artigo 38. Toma de decisións

O Equipo Scout Galego considerarase validamente constituído, mínimo de tres persoas, sempre que todos os seus membros foran debidamente convocados. As decisións adoptaranse por maioría simple dos votos presentes, procurando chegar sempre ao máximo consenso posible.

SECCIÓN CUARTA: A CONFERENCIA SCOUT GALEGA

Artigo 39. Definición

A Conferencia Scout Galega é o órgano de reflexión, estudo e avaliación das políticas comúns á Federación.

Artigo 40. Funcións

A Conferencia Scout Galega ten atribuídas as seguintes funcións:

- a) Adaptar á realidade federativa as políticas e os plans estratéxicos de ASDE Scouts de España en todos os seus ámbitos.
- b) Establecer e avaliar as políticas da Federación en todos os seus ámbitos.
- c) Debater, elaborar, aprobar e avaliar os plans estratéxicos da Federación.



Artigo 41. Composición

1. Poderán participar na Conferencia Scout Galega os scouts dos Grupos Scout. Asemade, as persoas asociadas infantís e xuvenís se a convocatoria da Conferencia así o establece diferenciando os espazo de participación entre scouts e scouters.
2. A Conferencia Scout Galega estará composta por delegacións de representantes dos Grupos Scout, que contarán con tantos membros como sexa necesario para ter, polo menos, un representante en cada unha das mesas de traballo convocadas. O resto das prazas, ata o número máximo de representantes establecido polo Consello Scout Galego, serán asignadas aos Grupos Scout en proporción ao número dos seus Asociados/as.

Artigo 42. Toma de decisións

1. Na toma de decisións, o número de votos que ostente cada delegación, independentemente do número dos seus delegados, será o mesmo que corresponde a ese Grupo Scout na Asemblea Scout Galega.
2. Os acordos tomaranse por maioría absoluta dos votos emitidos.

Artigo 43. Reunións

A Conferencia Scout Galega é convocada polo Consello Scout Galego preferentemente cada tres anos. A devandita Conferencia será comunicada polo Secretaría Scout Galega cunha antelación mínima de tres meses. Para a súa organización, creárase unha comisión específica para cada Conferencia Scout Galega que estableza a configuración e as mesas de traballo, se proceden, segundo os fins da mesma.

SECCIÓN QUINTA: O FORO DE SCOUTERS

Artigo 44. Definición

O Foro de Scouters é un órgano de coordinación, planificación e orientación estratéxica da Federación en cada Rolda Solar.

Artigo 45. Funcións

Son funcións do Foro de Scouters:

- a) Establecer as liñas de actuación da Federación para cada Rolda Solar.
- b) Definir o calendario e as actividades federativas, designando as persoas responsables.
- c) Coordinar o traballo das distintas áreas e seccións metodolóxicas.
- d) Analizar a realidade dos Grupos e das distintas áreas federativas.
- e) Facilitar a distribución das tarefas federativas entre os Grupos.
- f) Integrar a planificación formativa proposta pola Escola Scout Insignia de Madeira.

Artigo 46. Composición

O Foro de Scouters estará composto polos e polas scouts dos Grupos membros da Federación.



Tamén participará o claustro da Escola Scout Insignia de Madeira, que presentará a súa proposta de calendario formativo.

Artigo 47. Reunións

O Foro de Scouters celebrárase con carácter previo ao inicio de cada Rolda Solar.

O seu funcionamento estrutúrase en:

- a) Mesas de traballo, nas que se analizan as distintas áreas metodolóxicas e funcionais, e se elaboran propostas.
- b) Sesión plenaria final, na que se presentan, debaten e validan os acordos acadados.

Poderán establecerse reunións preparatorias ou de seguimento cando se considere necesario para garantir a correcta planificación.

Artigo 48. Toma de decisións

As decisións do Foro de Scouters adoptaranse en sesión plenaria final, mediante un sistema de votación equivalente ao da Asemblea Scout Galega.

Os acordos acadados terán carácter orientativo. O plenario final terá carácter de Asemblea Scout Galega Extraordinaria con pleno poder de decisión.

CAPÍTULO IV – ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA

Artigo 49. Patrimonio fundacional

A entidade carece de patrimonio fundacional no momento da súa constitución.

Artigo 50. Recursos económicos

Os recursos económicos da Federación proceden de:

- a) As cotas das entidades membro, fixadas pola Asemblea Scout Galega.
- b) As subvencións, herdanzas, legados, doazóns ou premios de persoas e entidades públicas ou privadas.
- c) Os rendementos do patrimonio propio e outros ingresos derivados de actividades lícitas, sempre que se destinen exclusivamente aos fins da Federación.
- d) Calquera outra achega autorizada polos órganos de goberno.

Non se aceptarán donativos que comprometan a independencia da Federación ou contraveñan os seus principios.

Artigo 51. Xestión Financeira e Disposición de Fondos

A Tesouraría Scout Galega poderá acordar cos Grupos calendarios de pago para evitar intereses de demora (que, por defecto, serán o interese legal).

Os fondos depositaranse en entidades financeiras. A Tesouraría e outro membro designado do Equipo Scout Galego poderán dispoñer dos fondos de xeito solidario, actuando calquera deles para realizar os pagamentos e operacións necesarios.



Os Grupos Scout son responsables da súa propia administración e non duplicarán solicitudes de axuda xa tramitadas pola Federación.

Artigo 52. Orzamento e Modificacións

O orzamento é anual. Se o 1 de xaneiro non está aprobado o novo, considerarase prorrogado o do ano anterior.

O Equipo Scout Galego poderá autorizar gastos non previstos ou excesos de partida ata un 25% do orzado, dando conta ao Consello. Calquera modificación superior require autorización do Consello e ratificación da Asemblea.

Os ingresos extraordinarios por subvencións autorizan automaticamente a modificación orzamentaria correspondente.

Artigo 53. Contas anuais e exercicio económico

O exercicio económico péchase o 31 de decembro de cada ano.

Antes da súa aprobación pola Asemblea, as contas serán revisadas por entre 1 e 3 censores/auditores designados polo Consello Scout Galego.

Os auditores (que non poden ser membros do Equipo Scout Galego nin do Consello Scout Galego) terán acceso total á documentación e o seu informe será preceptivo para a aprobación das contas.

CAPÍTULO V - DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 54. Lingua oficial

Asumindo a realidade social, cultural e lingüística da nosa Comunidade Autónoma, a Federación promoverá como obxecto de especial respecto e protección, o emprego da lingua galega, sendo esta a lingua vehicular e oficial da mesma. Todos os documentos internos terán que ir redactados na lingua galega e nos órganos de goberno deberá impulsarse o seu uso. A cooficialidade co castelán virá vencellada aos documentos que teñan efecto fóra de Galicia.

Artigo 55. Uniformes, insignias e distintivos

Os uniformes, insignias, distintivos, tarxetas de identidade, credenciais scouts, signos de identificación, etc. quedan baixo a protección que establecen as leis e disposicións administrativas para impedir o seu uso a quen non teña dereito. A Federación asume como propia a uniformidade disposta por ASDE Scouts de España e a súa normativa.

Artigo 56. Símbolos da Asociación

1. O emblema da Federación é un mapa de Galicia en cor branca, cruzada por unha franxa azul diagonal da esquina superior esquerda á inferior dereita e cunha flor de lis mundial de cor vermella no seu centro. O borde do mapa representarase cunha corda de cor azul pechada por un nó rizo na parte inferior.



2. O pano da Federación será de cor branca cun reberete de cor azul celeste e será usado polos membros do Equipo Scout Galego ou de aqueles scouters ou scouts que actúen en representación da Federación estando de uniforme. Todo scouter que actúe como formador, sen posesión da Insignia de Madeira, levará o pano de ASDE Scouts de Galicia.
3. Os panos dos Grupos Scout, terán o deseño escollido por eles mesmos, non podendo ser coincidentes co da Federación, co de outro Grupo Scout xa existente na mesma, nin:
 - Morado; reservado para a OMMS.
 - Vermello con reberete amarelo; reservado para a FEE.
 - Azul aceiro con reberetes vermello e amarelo; reservado para ASDE.
 - Salmón; reservado para o Grupo 1º de Gilwell.
4. Os scouts e scouters da Federación vestirán de uniforme:
 - a) Nos Consellos Scout Galegos e nas Asembleas Scout Galegas.
 - b) Nos cursos da ESIM e na Conferencia Scout Galega. O Consello Scout Galego poderá acordar determinar en que momento debe usarse o uniforme nestas actividades, cando a duración das mesmas así o condicione.
 - c) Nas actividades federais, onde aplicarse o mesmo condicionante do apartado anterior.
 - d) En cerimoniais e actos institucionais, agás cando o protocolo especifique outros requirimentos.
 - e) En todos aqueles actos ou actividades onde así o acorden os órganos de goberno da Federación.
 - f) Os Consellos dos Grupos Scout regularán o uso do uniforme a nivel interno, cumprindo sempre os supostos anteriores.
5. O uniforme, como elemento identificábel da Federación, usarase de forma correcta e completa, e levarase con dignidade e corrección. Non se usarán co mesmo prendas ou símbolos político - partidistas, paramilitares ou que menoscaben a imaxe federativa.
6. Cando se faga uso de bandeiras, tanto a nivel federativo como de Grupo Scout, estarase ao disposto pola normativa e protocolo correspondente.
7. A nivel corporativo, papelería, e outros elementos de comunicación estarase ao disposto polo Consello Scout Galego nesta materia. Os acordos a este respecto serán de obrigado cumprimento tamén para os Grupos Scout da Federación.

Artigo 57. Regulamento Interno

Estes Estatutos poderán ser complementados por un ou varios Regulamentos de Réxime Interno, cuxa aprobación e modificación corresponde á Asemblea Scout Galega. Os órganos e actividades de ASDE Scouts de Galicia que así o requiran, poderán crear o seu propio regulamento, que en ningún caso contravirá o establecido nestes Estatutos e nas normas que o complementen.

CAPÍTULO VI - DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 58. Disolución

A Federación disolverase por algunha das seguintes causas:

- a) Acordo validamente adoptado pola Asemblea Scout Galega, en reunión convocada expresamente con esta única finalidade, e co voto favorábel dos 3/4 dos votos emitidos.
- b) Por decisión xudicial.
- c) Por imposibilidade de proclamar un Equipo Scout Galego nin unha Comisión Xestora na Asemblea Scout Galega extraordinaria convocada para tal efecto.
- d) Polas causas que se determinan no articulado do Código Civil.

Artigo 59. Liquidación

1. A Asemblea Scout Galega, ao acordar a disolución conforme ao apartados a) e c) do artigo anterior, nomeará unha Comisión de Liquidación, composta por un mínimo de tres persoas, que se encargará de saldar as débedas e cobrar os créditos pendentes coa Federación.
2. Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

Artigo 60. Aplicación do haber resultante

A Comisión á que se refire o artigo anterior entregará o haber líquido resultante, no seu caso, á Federación de Scouts-Exploradores de España (ASDE); de non existir ou rexeitala á Federación de Escultismo en España (FEE); de non existir ou rexeitala á Organización Mundial do Movemento Scout (OMMS); de non existir ou rexeitala a unha ONG ou entidade sen ánimo de lucro pola Asemblea Scout Galega no momento de acordar a disolución que se axuste aos requisitos estipulados nos artigos 3.6 e 16 da Lei 29/2002, do 23 de Decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais do mecenado.

CAPÍTULO VII – REFORMA DOS ESTATUTOS E DOS REGULAMENTOS DE ASDE SCOUTS DE GALICIA

Artigo 61. Proceso de reforma dos Estatutos e dos Regulamentos

O proceso de reforma dos Estatutos e/ou Regulamento de ASDE Scouts de Galicia iniciárase por acordo da Asemblea Scout Galega, a cuxo fin se deberá incluír un punto específico na orde do día correspondente. Será a propia Asemblea quen estableza o procedemento de reforma a seguir.

Artigo 62. Participación dos Grupos no proceso de Reforma dos Estatutos

O procedemento de reforma establecido garantirá que todos os Grupos Scout teñan a posibilidade de participar de maneira equitativa, sempre que así o desexen.



CAPÍTULO VIII – OUTRAS DISPOSICIÓNS

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

I

A interpretación dos presentes Estatutos e do seu Regulamento Interno corresponde á Asemblea Scout Galega, podendo delegar no Consello Scout Galego.

II

O Consello Scout Galego ten a facultade de interpretar os Estatutos e calquera outra norma de Réxime Interno ata a celebración dunha Asemblea Scout Galega.

III

O Equipo Scout Galego ten a facultade de interpretar os Estatutos e calquera outra norma de Réxime Interno ata a celebración dunha Asemblea Scout Galega ou dun Consello Scout Galego.

IV

No non previsto nos presentes Estatutos nin nas súas normas de desenvolvemento, estarase ao disposto na vixente Lei de Asociacións e demais normativa xeral aplicable.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

I

No prazo máis breve posible, e nunca superior a dous anos dende a aprobación dos presentes Estatutos, os Grupos Scout e órganos da Federación que dispoñan de Regulamento Interno, o adaptarán aos presentes Estatutos, remitindo á Oficina Scout Galega copia das novas normas aprobadas.

II

O actual Equipo Scout Galego permanecerá nos seus cargos e funcións ata o remate do período para o que foi nomeado, adaptando os seus cargos e estrutura así como os procedementos, a estes Estatutos e convocando no seu momento as pertinentes eleccións conforme ás disposicións do mesmo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

I

Estes Estatutos non poderán estar nunca en conflito coas Leis da Autonomía ou do Estado, a Constitución Scout Mundial e os Estatutos da Federación de Scouts-Exploradores de España (ASDE) debendo ser modificados se é preciso.



II

Quedan derogadas todas aquelas disposicións ou acordos que contraveñan estes Estatutos e os Regulamentos que os desenvolva, de existir. En todo o non contemplado nos presentes Estatutos, estarase ao disposto no resto da normativa da Federación, dos Estatutos da Federación de Scouts-Exploradores de España (ASDE), Lei de Asociacións e demais normativa legal sobre a materia, así como toda aquela que a substitúa, modifique ou complemente.

III

Publicación: Os presentes estatutos serán difundidos para o seu coñecemento entre todos os asociados da Federación.

IV

Distribución: a Secretaría Scout Galega coidarase de que cada Grupo Scout dispoña dunha copia dos presentes estatutos.

V

Entrada en vigor: Os presentes estatutos entrarán en vigor desde o momento que sexan visados e aprobados pola autoridade gobernativa competente.

Don Raúl Lois Cuns, Secretario da Federación ASDE Scouts de Galicia á que se refiren estes estatutos, fai constar que estes quedan redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Scout Galega con data sete de xuño de dous mil vinte e seis.

ESTES ESTATUTOS FORON APROBADOS NA ASEMBLEA SCOUT XERAL CELEBRADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O TRECE DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.

ESTES ESTATUTOS FORON MODIFICADOS NA ASEMBLEA SCOUT XERAL CELEBRADA EN A CORUÑA O TRECE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

ESTES ESTATUTOS FORON MODIFICADOS NA ASAMBLEA SCOUT GALEGA CELEBRADA EN A CORUÑA O SETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Raúl Lois Cuns Secretario Scout Galego	V.º B.º Lara Vázquez Limia Presidenta Scout Galega
--	--

